



## BOLETIN BREXIT

EDICIÓN – Xuño 2022

Este boletín describe unha visión xeral do Modelo Básico para as importacións: os procesos que deben seguir todos os movementos de mercadorías a partir do mes de xaneiro de 2022 unicamente como unha guía. Non se trata dunha lista exhaustiva de todos os requisitos que poden aplicarse a un movemento de mercadorías. Trátase só dunha visión xeral. Neste boletín non se inclúen outros requisitos aplicables a determinados movementos de mercadorías.

### ***Nomear a un terceiro para realizar obrigas aduaneiras***

Con data 8 de xuño de 2020, a Administración tributaria británica (HMRC, *Her Majesty Revenue & Customs*) publicou unha guía coas obrigas que teñen as entidades antes de contratar a alguén para actuar de forma directa ou indirecta no seu nome en relación coas obrigas aduaneiras. A continuación, destacamos os puntos máis importantes a considerar.

Haberá que asegurarse que se conta con información suficiente sobre os requisitos con carácter previo a tratar a representación aduaneira cun terceiro.

Deberíase comprobar o seguinte:

- que teñen a capacidade de transportar os bens comerciais
- que cobren as rutas ou países de destino nas que se comercia
- o catálogo completo de servizos que proveen
- que poden ocuparse do seguinte:
  - procedementos aduaneiros nos países nos que se comercia
  - o número de declaracións que se espera realizar por semana ou por mes
  - a frecuencia dos bens que se expiden dentro e fóra do Reino Unido
- se están dispoñibles no horario no que se necesite contactar con eles, por exemplo:
  - se teñen o mesmo horario comercial que o teu negocio
  - se tes a capacidade de contactar con eles unha vez que os bens estean en tránsito

Tamén deberíase acordar o réxime de responsabilidade entre quen contrata e a persoa que actúa no seu nome, incluíndo:

- declaracións de importación ou exportación
- declaracións de seguridade e saúde
- necesidades de transporte

Haberá de determinarse se os bens en concreto requiren:

- licenza
- manexo especial
- algún outro control especializado

Se o requirisen, haberá de comprobarse se a persoa que se encargará das obrigas aduaneiras ten a capacidade de realizalas.

### ***Instalacións fronteirizas interiores***

As instalacións fronteirizas interiores son localizacións gobernamentais onde poden realizarse as comprobacións aduaneiras e documentais, fóra das localizacións portuarias. Puxéronse en funcionamento un número determinado de instalacións fronteirizas interiores desde o 1 de xaneiro de 2021, para poder lidar cos controis fronteirizos post-Brexit.

Propúxose unha localización en Dover como parte da revisión realizada, pero tras ver a cantidade de tráfico a través da canle e o número de comprobacións asociadas necesarias, decidiuse non instaurar a dita localización. A revisión concluíu que as localizacións existentes teñen a capacidade suficiente para absorber o fluxo do tráfico e non había necesidade dunha nova.

Ademais de Dover, tamén se tomou a decisión de pechar as instalacións fronteirizas interiores de Birmingham e North Weald con carácter previo á data prevista. Estas localizacións tiñan carácter temporal para dar apoio ás comprobacións aduaneiras froito da saída do Reino Unido da Unión Europea. As localizacións en Holyhead e Sevington están a pleno rendemento e absorben de forma adecuada a carga de traballo.

### ***Transportar bens a outro lugar autorizado de perfeccionamento activo***

A HMRC actualizou a súa guía de como transportar bens a outro lugar autorizado de perfeccionamento activo. Aclararon que a responsabilidade para calquera débeda aduaneira ou o IVE á importación suspendido en virtude do devandito réxime permanece co primeiro autorizado ata que a Autoridade aduaneira aceptou a declaración de transporte por parte do receptor da mercadoría.

A outra parte (o receptor autorizado da mercadoría) deberá:

- realizar unha declaración aduaneira utilizando o CPC 51 51 000 ou o 51 51 A04 para os bens introducidos no perfeccionamento activo a efectos do IVE.
- entregar unha copia da aceptación aduaneira.

Haberá de realizarse unha anotación nos rexistros da entidade antes de que se produza o transporte efectivo dos bens

Dito doutro xeito, a responsabilidade pola débeda arancelaria ou o IVE á importación suspendida baixo este réxime permanece contigo ata que a Administración aduaneira acepte a declaración de transporte de quen a reciba.

### ***Réxime de tránsito – simplificacións***

Con data 9 de xuño de 2022, a HMRC publicou unha nova guía en réxime de tránsito aduaneiro coa intención de simplificar o procedemento vixente. Baixo o novo réxime, determinados individuos coa autorización da HMRC que reciban mercadoría tras un movemento de tránsito trasfronteirizo aduaneiro (consignatarios autorizados) poderán temporalmente depositar os devanditos bens nas instalacións autorizadas por un período de tempo limitado antes de que os bens sexan obxecto doutro procedemento aduaneiro ou exportados.

A devandita medida tamén modifica a normativa ao respecto do uso de réximes de declaración aduaneira simplificados, permitindo que estes réximes simplificados sexan utilizados polos individuos que declaren bens importados, para que sexan mantidos nunha zona libre de aranceis tamén coñecidos como portos francos aduaneiros (unha zona aduaneira especial dentro dos portos francos).